



EXPLOTACIÓN DE JOSÉ ALEXANDRE BRAGA PEREIRA. SAN MIGUEL (AZORES, PORTUGAL)



avó e despois meu pai. Cando o noso pai dixo que para el xa era suficiente, foi cando nos decidimos a comprarlla meu irmán e mais eu”.

Na actualidade contan cun total de 68 animais, dos que 40 son frisonas en muxidura. A súa media de produción anda polos 32 litros por vaca e día, cunhas porcentaxes de graxa e de proteína de 3,70 % e de 3,30 %, respectivamente, e cun recuento de células somáticas de 180.000 células por mililitro.

Véndenlle o leite á Cooperativa União Agrícola de São Miguel e están cobrando un prezo base de 21 céntimos o litro, unha cifra que conseguen incrementar ata os 0,28 €/l ao sumarlle as calidades.

VIDA NO PASTO

Ao igual que a maioría das explotacións da illa, as vacas pasan a maior parte do día no pasto, “tan só van ao parque –como eles chaman ao lugar onde teñen os puntos de muxido, o comedero para a alimentación e a zona da recría– dúas veces ao día para muxirse. Están alí dúas horas durante o muxido da mañá e outras dúas horas durante o da tarde”, explica.

Móxense nunha sala de seis puntos, que, a pesar de ser móbil, teñen fixa e a cuberto permanentemente no parque. Nestes dous momentos é cando as vacas de José Alexandre pasan polo comedero, no que teñen un suplemento composto de 15 kg de silo de millo, 12 kg de herba presecada, 2 kg de palla e 2 kg de concentrado. Ademais, durante o muxido, danlles 8 kg máis de concentrado.

As secas están separadas das de produción e son alimentadas cunha ración específica que leva herba presecada e palla.

Para os animais desta granxa non existen os cubículos nin as camas como as coñecemos en España; a súa cama é a herba das terras dedicadas ao pasto.

Crecemento con base no pastoreo e na xenética

A explotación de José Alexandre Braga Pereira e o seu irmán Marco Polo responde aos trazos típicos das granxas da illa de San Miguel, nos Azores (Portugal), pero está en plena fase de ampliación. Falamos co primeiro deles para coñecer o pasado, o presente e o futuro do seu negocio.

Localización: Lombrinha da Maia, Maia (Ribeira Grande)
Propietarios: José Alexandre e Marco Polo Braga Pereira
N.º total de animais: 68
Vacas en muxidura: 40
Media de produción: 32 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,70 %
Porcentaxe de proteína: 3,30 %
RCS: 180.000 cél./ml
Superficie agrícola: 19 ha
Prezo do leite: 0,28 €/l

Viaxamos ata a illa portuguesa de San Miguel para coñecer a explotación de José Alexandre Braga Pereira. No concello de Ribeira Grande, collemos dirección á parroquia de Maia, onde están situadas as instalacións da granxa e os terreos onde mantén as súas vacas, e alí nos agarda el mesmo.

José Alexandre rexenta xunto co seu irmán Marco Polo o negocio familiar dende hai sete anos, pero tal e como nos conta: “A historia desta explotación vén de tempo atrás. Empezou con ela o meu bisavó, logo meu

O pasto é a base da súa alimentación



▶ AS VACAS PASAN A MAIOR PARTE DO DÍA NO PASTO, TAN SÓ VAN AO PARQUE DÚAS VECES AO DÍA PARA MUXIRSE




Combinan o pasto coa ración que lles proporcionan neste comedero

MANEXO DA RECRÍA

No momento do nacemento das crías déixanas estar coa nai as 24 primeiras horas e despois deste tempo sepáranas para uns boxes que xa teñen acondicionados e que chaman gaio-las. En cada un teñen auga e palla a discreción e a ración adecuada para cada idade. Ademais, proporcionanlle dúas veces ao día, mañá e noite, dous litros de leite a cada xata. ▶▶


BATIDORES DE PURINES



Batidores de toma de fuerza, batidores eléctricos, batidores con motor hidráulico y agitadores sumergidos. ¡Tenemos el batidor apropiado para sus necesidades individuales!

RECK www.reck-agrar.com

DISTRIBUIDORES DE ENSILAJE DE HIERBA



Agratechnik Landmaschinen Ibérica S.L.
+34 (0) 678432835 / +34 (0) 982314029

Talleres Altemir Febas S.A.
+34 (0) 636209639 / +34 (0) 974412008

Encuétranos
en **FIGAN**
pabellón 8
stand E/2



Boxes para as xatas acabadas de nacer

► “TEMOS 19 HECTÁREAS, DELAS 7 SON PARA MILLO E O RESTO PARA PASTOREO E HERBA”



Xovencas en lotes de catro en catro meses



Silo de millo

Dispoñen dun carro *unifeed* para a elaboración diaria da ración que lles dan ás vacas no parque de alimentación, un tractor, un tanque para levar a auga aos terreos de pasto, unha arrobadeira que acoplan ao tractor para a limpeza dos patios e un pulverizador para a aplicación dos xurros. Aínda así, para o ensilado e outros traballos agrícolas, contratan empresas externas especializadas, pois segundo nos di este produtor azoriano: “Se tivese moitas máis terras ou moitas máis vacas podería compensar o investimento, pero dos agricultores de aquí ninguén ten unha sementadora ou unha picadora de millo porque non é rendible”.

APOSTA POLA XENÓMICA

De cando se incorporaron os dous irmáns á explotación, José Alexandre lembra que “meu pai xa tiña vacas boas, pero sempre faltaba algo... Necesitabamos un ubre con calidade, un tipo de vaca máis produtiva, máis adecuada aos días de hoxe; entón decidín que lle había que dar unha volta”.

O ubre e as patas son os dous factores de selección que priman: “Preocúpame moito a saúde e a durabilidade do ubre e tamén as patas. As vacas para o pastoreo teñen que ter moi boas patas, bos pés e bos talóns. A maiores, sempre escollo o mellor touro para corrixir a conformación xeral dos animais”. ►►

Destétanas aos catro meses e pasan para outra parte do establo onde teñen varios lotes diferenciados. O criterio para a separación é a idade: están organizadas de catro en catro meses. As xovencas preñadas pásanas un mes antes do parto para o lote de produción “para que se habitúen a ir ao pasto e ás horas de volver ao parque. Se non, despois, cando paren, descoñecen as rutinas

do pastoreo e o ambiente do muxido”, apunta.

TERRAS E MAQUINARIA

“Temos 19 hectáreas, delas 7 son para millo e o resto para pastoreo e herba”, así puntualiza José Alexandre os datos sobre a superficie agrícola que traballan. Coa produción de millo fan silo e coa herba, rolos presecados.



José Alexandre e a súa familia posan con Francisca, vaca gran campiona do Concurso Micaelense de Primavera en 2018



Sala de muxido móbil que manteñen sempre fixa e cuberta



Obras do novo establo no que instalarán unha sala fixa de 12 puntos

Utilizan en cada campaña unha media de seis touros e apostan fielmente pola xenómica; segundo di José Alexandre: “É unha garantía para dar un paso máis ao fronte. Falar de xenómica e de xenética é falar de risco, pero eu non teño problema. Eu arrisco”. Para aquelas vacas mellores dentro da explotación e para as xovencas confían no seme sexado e traballan

tamén con embrións, todos feitos na explotación. “Non teño nada comprado de fóra”, afirma. Ademais confesa vender algún animal cando se dá a oportunidade, iso si, destaca que “sempre quero vender animais que sei que van ser fiables, das mellores vacas, que transmitan liñas moi boas. É un pracer que te chamen e che recoñezan a calidade do que vendiches”.

► O UBRE E AS PATAS SON OS DOUS FACTORES DE SELECCIÓN QUE PRIMAN

Todo bo traballo chega a dar os seus froitos e a día de hoxe contan cunha cualificación morfolóxica media de 85 puntos, todas as vacas son MB e ten dúas, Francisca e Sara, que están a punto de converterse en EX.

Precisamente, Francisca foi a vaca gran campiona do Concurso Micaelense de Primavera en xuño de 2018, un certame no que participan dende hai 16 anos. “Comezamos porque nos gustaba moito o concurso e dende aquela xa non paramos. Nestes anos conseguimos todos os premios, pero nunca logramos o de vaca gran campiona e o de mellor ubre. Finalmente, chegou o ano pasado”, subliña orgulloso.

Entre galardón e galardón, José Alexandre tamén valorou moi positivamente outra distinción conseguida, o premio Produtor Excelente que promove cada ano a Associação dos Jovens Agricultores Micaelenses. “Recoñece a produción de leite con calidade os 365 días e, dende que existe, conseguino todos os anos. Valóroo moito”, confirma.

O FUTURO

No momento da nosa visita á granxa puidemos comprobar o crecemento ao que están xa moi dispostos, pois teñen en marcha as obras dun novo establo no que instalarán unha sala de muxido fixa de 12 puntos. Tamén pensan en reorganizar os lotes, ao ter máis espazo para cada un deles, e en construír trincheiras novas para os silos.

Continuar e facer medrar o proxecto gandeiro da súa familia é a finalidade actual destes dous produtores, os cales reflicten á perfección as características das ganderías azorianas. ■